



CONCELLO DE TOQUES

Lugar de Souto
15806 Toques (A Coruña)
Tlfn.: 981 505 826
Fax: 981 506 255
Páxina web: www.toques.es
e-mail: correo@toques.dicoruna.es

BASES PARA A CONTRATACIÓN LABORAL TEMPORAL DE DOUS SOCORRISTAS A XORNADA COMPLETA PARA A PISCINA MUNICIPAL DE TOQUES. ANO 2026.

Primeira.- Obxecto da convocatoria.- O obxecto desta convocatoria é a contratación como persoal laboral temporal de dous socorristas acuáticos para a piscina municipal durante os meses de verán:

- Un socorrista a xornada completa e durante un período de 2 meses e 15 días, financiado polo Programa de socorrismo dirixido a Concellos da Provincia de A Coruña durante o ano 2026 da Deputación Provincial de A Coruña.

- Un socorrista a xornada completa e durante un período de 2 meses, financiado a través da convocatoria das subvencións a concellos de Galicia, en réxime de concorrencia competitiva, para a prestación do servizo de vixilancia, rescate e salvamento nos espazos acuáticos naturais e instalacións acuáticas descubertas, cuxas Bases reguladoras foron publicadas no DOGA número 23 do 4 de febreiro de 2026 a través da publicación da Orde do 13 de xaneiro de 2026, da Consellería de Presidencia, Xustiza e Deportes da Xunta de Galicia;

Ao presente proceso de selección seralle de aplicación o previsto no Decreto Lexislativo 1/2008, de 13 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei da Función Pública de Galicia; o artigo 177 do Real Decreto Lexislativo 781/1986 polo que se aproba o Texto Refundido das disposicións legais vixentes en materia de Réxime Local; artigos 91 e 103 da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local; a Lei 7/2007, de 12 de abril, do Estatuto Básico do Empregado Público, no que se refire a persoal laboral temporal e supletoriamente, o Real Decreto 364/1995, de 10 de marzo, polo que se aproba o Regulamento de Réxime Disciplinario dos funcionarios da Administración do Estado.

Segunda.- Modalidade de contratación.- Contrato laboral a xornada completa na modalidade de persoal laboral temporal para a mellora da ocupabilidade e a inserción laboral con cláusulas específicas de traballos de interese social.

Terceira.- Sistema de provisión.- Concurso-oposición.

Cuarta.- Xornada laboral e salarios.- Contrato a xornada completa. Salario bruto mensual de 1.810,68 euros brutos mensuais, que inclúe soldo mais parte proporcional de pagas extraordinarias.



CONCELLO DE TOQUES

Lugar de Souto
15806 Toques (A Coruña)
Tlfn.: 981 505 826
Fax: 981 506 255
Páxina web: www.toques.es
e-mail: correo@toques.dicoruna.es

Quinta.- Duración.- A duración dos contratos extenderase desde o día que se indique na Resolución da Alcaldía pola que se acorde a contratación, por un período de de 2 meses e 15 días e de 2 meses respectivamente.

Sexta.- Requisitos dos aspirantes.-

- Ser de nacionalidade española ou ciudadano dun estado da Unión Europea.
- Ter cumpridos 16 anos de idade.
- Non padecer enfermidade ou defecto físico que impida o normal desenvolvemento das funcións correspondentes.
- Non ter sido separado mediante expediente disciplinario do servizo de calquera das administracións públicas, nin estar incapacitado ou inhabilitado para o exercicio de funcións públicas.
- Estar en posesión do título de socorrista que habilite para o desenvolvemento das funcións que lle son propias.
- Estar inscrito/a ou ter solicitada a inscrición no Rexistro Profesional de Socorristas de Galicia.
- Estar inscrito no Servizo Público de Emprego de Galicia como demandantes non ocupados e estar dispoñibles para o emprego.

Todos os requisitos esixidos deberán terse no momento de finalizar o prazo de presentación de solicitudes e de formalización dos contratos.

Séptima.- Presentación de candidatos.- Se enviará oferta de emprego á Oficina de emprego de Melide. Asimesmo as presentes bases serán publicadas na sede electrónica do Concello de Toques (<https://sede.toques.es>), e no taboleiro de anuncios do Concello sito na Casa Consistorial.

O prazo de presentación de solicitudes será de **7 días hábiles** a contar a partires da publicación das presentes bases na sede electrónica.

Rematado o prazo de presentación de documentación dictarase a correspondente Resolución sobre a admisión ou non dos solicitantes, resolución que se publicará na sede electrónica do Concello de Toques e no taboleiro de anuncios do concello.

Os solicitantes excluídos terán un prazo de **1 día hábil** para presentar as reclamacións oportunas.

Unha vez resoltas as reclamacións dictarase a resolución sobre a admisión definitiva dos solicitantes e no que se determinará a data para proceder por parte do Tribunal á baremación dos méritos e á realización e posterior avaliación da proba práctica.



CONCELLO DE TOQUES

Lugar de Souto
15806 Toques (A Coruña)
Tlfn.: 981 505 826
Fax: 981 506 255
Páxina web: www.toques.es
e-mail: correo@toques.dicoruna.es

Os/as candidatos/as deberán aportar, xunto co anexo I (modelo de instancia) a seguinte documentación:

- A) Fotocopia do D.N.I.
- B) Fotocopia compulsada da titulación esixida.
- C) Fotocopia compulsada da inscrición no Rexistro de Socorristas da Xunta de Galicia ou de ter solicitada dita inscrición.
- D) Fotocopia compulsada dos documentos xustificativos dos méritos.
- E) Tarxeta de demandante de emprego en vigor.

Oitava.- Tribunal Calificador.- Estará composto polos seguintes membros:

- **Presidente:** Dona Guadalupe Vázquez Ascariz, traballadora social Concello Toques.
- **Vogais:**
 - 1.- Dona Mónica Seijas Rey, Tecnica de Adm. Xeral do Concello de Toques.
 - 2.- Don Mauro Noguerol Urrutia, Tecnico deportivo do Concello de Toques.
 - 3.- Don José Luis Guerra Ferreiro, Administrativo do Concello de Toques.
- **Secretario:** Don Iván Ponte Mahía, Secretario Interventor do Concello de Toques.

Novena.- Baremo para a valoración de méritos.- Procederase por parte do Tribunal a valorar os méritos alegados por cada un dos candidatos, o baremo para a avaliación por parte do Tribunal é o seguinte:

1.- Cursos relacionadas coa actividade a desenvolver, a puntuación non poderá superar os (3,00) tres puntos:

- Cursos de 100 horas ou máis: 1,00 punto
- Cursos de 50 a 99 horas: 0,50 puntos
- Cursos de 10 a 49 horas: 0,25 puntos

Aqueles cursos en cuxo certificado acreditativo non consten o número de horas, ou teñan unha duración inferior a 10 horas non se valorarán.

2.- Experiencia profesional desenvolvida en Administracións Públicas ou en empresas privadas como socorrista. A puntuación non poderá superar os (2,00) dous puntos.

Por cada mes completo (30 días), se valorará con 0,20 puntos. Os contratos a media xornada se valorarán con 0,10 puntos (mes completo).

As fraccións de meses non computarán.



CONCELLO DE TOQUES

Lugar de Souto
15806 Toques (A Coruña)
Tlfn.: 981 505 826
Fax: 981 506 255
Páxina web: www.toques.es
e-mail: correo@toques.dicoruna.es

Décima.- Acreditación de méritos.- Os méritos comprendidos na base 9, acreditaranse, no caso dos cursos, mediante copia compulsada do certificado expedido polo órgano correspondente e, no caso da experiencia profesional, coa copia compulsada do contrato de traballo acompañada do informe de vida laboral do aspirante.

Decimoprimeira.- Fase de oposición.- Consistirá na realización dunha proba práctica na cal se valorarán as aptitudes para o posto, entre elas o estilo e o tempo empregado á hora de realizar a nado unha distancia determinada polo Tribunal.

Esta proba valorarase cunha puntuación máxima de **dez puntos (10,00)**.

Decimosegunda.- Puntuacións e contratación.- Finalizada a selección, o Tribunal publicará no Taboleiro de anuncios o nome dos aspirantes coa súa puntuación. Concederase un prazo de 1 día hábil para presentar reclamacións.

Resultarán seleccionados/as os/as aspirantes que acaden maior puntuación. No suposto de que estas persoas renunciaren ao posto, seguiríase a orde de puntuacións.

Os aspirantes seleccionados antes da súa contratación deberán xustificar documentalmente os requisitos sinalados na base sexta, mediante presentación de:

- A) Certificado médico.
- B) Declaración xurada de non ter sido separado mediante expediente disciplinario do servizo da administración estatal, autonómica ou local, nin encontrarse inhabilitado para o exercicio das funcións públicas.
- C) Certificado de antecedentes penales.

A contratación dos aspirantes seleccionados corresponde ao Sr. Alcalde.

En todo o non previsto nas presentes bases estarase ao disposto na lexislación laboral e lexislación sectorial complementaria que resulte de aplicación.

En Toques, o asina o Sr. Alcalde na data que figura á marxe;

ANEXO I MODELO DE INSTANCIA



CONCELLO DE TOQUES

Lugar de Souto
15806 Toques (A Coruña)
Tlfn.: 981 505 826
Fax: 981 506 255
Páxina web: www.toques.es
e-mail: correo@toques.dicoruna.es

D./Dna. con DNI
número e con domicilio para efectos de notificación
enCP.....
..., localidade..... e teléfono.....

EXPÓN:

- Que ten coñecemento da convocatoria e das bases para a selección e contratación a xornada completa por un periodo de 2 meses e 15 días e 2 meses respectivamente, de DOUS SOCORRISTAS como persoal laboral temporal do Concello de Toques.
- Que está en posesión de todos e cada un dos requisitos esixidos nas bases de selección do/s posto/s seleccionado/s

Polo tanto,

SOLICITA :

Ser admitido/a ao correspondente proceso selectivo para a contratación de dous Socorristas por un periodo de 2 meses e 15 días / 2 meses, presentando para iso a documentación que se achega.

En Toques a, de de 2026

Asdo.:

SR. ALCALDE DO CONCELLO DE TOQUES (A CORUÑA)

DOCUMENTACIÓN A PRESENTAR POLOS CANDIDATOS/AS QUE SE PRESENTEN AOS POSTOS DE SOCORRISTAS DA PISCINA MUNICIPAL DE TOQUES. ANO 2026



CONCELLO DE TOQUES

Lugar de Souto
15806 Toques (A Coruña)
Tlfn.: 981 505 826
Fax: 981 506 255
Páxina web: www.toques.es
e-mail: correo@toques.dicoruna.es

- **DNI**
- **TÍTULO DE SOCORRISMO**
- **ACREDITACIÓN DE ALTA NO REXISTRO PROFESIONAL DE SOCORRISTAS ACUÁTICOS DE GALICIA OU DA SÚA SOLICITUDE (DECRETO 104/2012, publicado no DOG do 09/04/2012).**
- **TARXETA DE DESEMPREGADO EN VIGOR.**
- **CERTIFICADOS DOS CURSOS REALIZADOS RELACIONADOS CO POSTO.**
- **VIDA LABORAL E CONTRATOS.**